



ROGO PARA UNHA ACTUACIÓN PUNTUAL DE SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA QUE UNE ARÍNS E MARROZOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Recentemente, a instancias do Grupo Popular, o Goberno procedeu a instalar unha varanda no rego de Aríns, nas proximidades da ponte da liña férrea de AVE que discorre polos lindeiros das parroquias de Aríns, Marrozos e O Eixo, para a protección do tránsito do vial que desde a estrada AC-261 en Vilacova (Aríns) se dirixe á N-525 á altura do Sisto (Marrozos).

Pois ben, nese mesmo vial, preto do núcleo de Vilacova hai cuestión de semanas leváronse a cabo unhas obras na cuneta que, a pesar da indubidable boa intención de mellorar as condicións de saneamento da marxe viaria, supuxeron un incremento da perigosidade, ao pronunciar o desnivel existente cunha gabia de formigón, xusto onde remata o asfalto dun trazado que carece de beiravía. Nestas condicións, calquera mínimo despiste de condutores ou peóns pode supoñer un elevado risco, polo que sería necesario advertir desta continxencia, ben mediante a indicación específica que se considere ou ben mediante a adopción dalgunha medida de protección que poida reducir as posibilidades dun accidente nesa zona.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno Municipal se acometa unha actuación de seguridade viaria nas proximidades de Vilacova, na cuneta da vía que comunica ese lugar de Aríns co Sisto (Marrozos), para reducir o perigo derivado dunha actuación de drenaxe que ocasiona un forte desnivel na marxe desta estrada carente de beiravía, tal e como se pode apreciar no anexo fotográfico que se acompaña.

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2017.



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

ANEXO FOTOGRÁFICO

